



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIVEIRA O DÍA 26 DE SETEMBRO DO 2019.**

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a. María José Sampredo Fernández D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D. Víctor Reiriz Lampón D^a. Juana María Brión Santamaría D^a Elvira Pereira Ageitos D. Ramón José Doval Sampredo	Interventor: D. Pablo Bao Castro Secretario Xera: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as dez horas e cinco minutos do día vinte e seis de setembro do dous mil dezanove, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinarias de datas 8 de agosto de 2019, 16 de agosto de 2019, 22 de agosto de 2019, 29 de agosto de 2019, 5 de setembro de 2019, 13 de setembro de 2019 e 19 de setembro de 2019; así como a acta da sesión extraordinaria de data 16 de agosto de 2019.

II.- CONTRATACIÓN.

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "REPOSICIÓN DO PAVIMENTO ASFÁLTICO NA ESTRADA DA PERDIGOTEIRA (ARTES)".

Expediente: 2019/C_OB000011





Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de **“REPOSICIÓN DO PAVIMENTO ASFÁLTICO NA ESTRADA DA PERDIGOTEIRA (ARTES)”**.

O investimento foi incluído no **“Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018”**, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 16/05/2018, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/05/2018, co número 7.400, e que se considerou definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación número 21270 de data 14/06/2018, segundo circular complementaria que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 18/06/2018, co número 9.235.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2017, cun orzamento total de licitación de 76.544,08 euros (orzamento base: 63.259,57 euros; IVE 21%: 13.284,51 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.
- 2.- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 05/12/2017.
- 3.- Informe técnico sobre o investimento asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 05/12/2017.
- 4.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos asinado polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle e pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.
- 5.- Memoria económica da alcaldía específica de cada investimento financeiramente sostible solicitado asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 6.- Informe da intervención específico de cada investimento financeiramente sostible solicitado asinado polo interventor Pablo Bao Castro na data 11/12/2017.
- 7.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 15/12/2017, polo que se aproba participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018 (base e complementario), os proxectos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 8.- Informe de supervisión de proxecto asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 20/05/2019, no que informa que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación do contrato é inferior a 500.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 9.- Informe referente a división en lotes do contrato asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 20/05/2019, no que informa que non procede a división en lotes do obxecto do contrato segundo o establecido no artigo 99.3.b) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- 10.- Informe de adaptación do proxecto á Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, de data 20/05/2019.
- 11.- Proposta de contratación/memoria xustificativa do contrato asinada pola enxeñeira





municipal Uxía Landeira Pereira na data 20/05/2019 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

- 12.- Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 21/05/2019 (número de operación 2019 22009763), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453 61962.
- 13.- Acta de replanteo previo das obras asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, de data 20/05/2019.
- 14.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas. Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 25/05/2018, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 101, da data 30/05/2018, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 18/09/2019.
- 15.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 19/09/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 16.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 20/09/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 13 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117 e 122 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para realizar as obras de **"REPOSICIÓN DO PAVIMENTO ASFÁLTICO NA ESTRADA DA PERDIGOTEIRA (ARTES)"**, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2017, cun orzamento total de licitación de 76.544,08 euros (orzamento base: 63.259,57 euros; IVE 21%:13.284,51 euros), e cun prazo de execución de 2 meses. (Valor estimado: 69.585,53 euros).

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adxudicación (factor prezo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 18/09/2019.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61962

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciárase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da LCSP).





III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

ACORDO DE TRANSMISIÓN DO POSTO DE VENDA Nº 21 DO MERCADO MUNICIPAL DE RIVEIRA: JUAN EUGENIO PÉREZ REIRIZ A AGUSTÍN CADILLO PÉREZ.

VISTO o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 8 de novembro de 2018 e que é do seguinte tenor literal:

"V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

INCOACIÓN DE EXPEDIENTE SANCIONADOR DE INFRACCIÓN ADMINISTRATIVA EN MATERIA DE MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.

Vista a **proposta de acordo** presentada pola Concelleira Delegada de Mercados, M^{re} Esther Patiño Rey, de data 07/11/2018, na que solicita a incoación de expediente sancionador de infracción administrativa en materia de Mercado Municipal de Abastos do que se presume responsable D. Juan Eugenio Pérez Reiriz, adxudicatario do posto nº 21.

ACREDITADO que **D. Juan Eugenio Pérez Reiriz, adxudicatario do posto nº 21 do Mercado Municipal de Abastos**, adeuda a esta Facenda Local cinco (5) trimestres das taxas pola prestación do servizo de mercados municipais, por importe total de 2.110,50 €, según informe nº 128/18, emitido polo Tesoureiro Municipal, José Antonio Rueda de Valenzuela

Nom_padro	Fec_recib	Num_recib	Imp_total
ABASTOS 3T/2017	01/08/2017	2017 102454	346,50 €
ABASTOS 4T/2017	06/11/2017	2017 128723	441,00 €
ABASTOS 1T/2018	08/02/2018	2018 2552	441,00 €
ABASTOS 2T/2018	18/04/2018	2018 42373	441,00 €
ABASTOS 3T/2018	09/10/2018	2018 66728	441,00 €
			2.110,50 €

ACREDITADO igualmente que según informe sobre as actuacións irregulares de D. Juan Eugenio Pérez Reiriz, emitido en data 07/11/2018 polo Vixiante de Mercados, D José Manuel Abuín Abuín, no que sinala:

"El titular del puesto número 26 sito en el mercado municipal de esta localidad Juan Eugenio Pérez Reiriz como ya informé verbalmente a la concejala delegada de esta área, viene incumpliendo de manera reiterada el "Reglamento do Servizo Municipal de Mercados de Abastos Minoristas do Concello de Ribeira" publicado en el BOP con el número 14, el viernes 20 de enero de 2017, y concretamente los artículos que a continuación se detallan:

Artículo 10 "Non se permite extender as mercadorías fóra do perímetro ou demarcación de cada posto, nin interceptar con elas o paso das rúas, que deberán estar sempre expeditas".

Artículo 45:

Apartado 8 "Vestir correcta e aseadamente a indumentaria apropiada. Para tales efectos, o concello, oídas as asociación de comerciantes, poderá declarar de obrigado uso certas pezas de uniforme, independente das esixidas na regulamentación técnico-sanitaria que corresponda, durante o horario de venda o público".

Apartado 13 "Non colocar vultos nin caixas de produtos nos corredores fóra do horario habilitado para iso".





Reseñar que se le advirtió al titular del puesto, así como a los empleados a su cargo en multitud de ocasiones, que no pueden fumar en el interior del edificio y deben cumplir con las normas establecidas como el resto de compañeros, tanto en lo que se refiere a indumentaria, (de la cual carece a día de hoy) así como de limitar su actividad al perímetro de su puesto y no entorpecer los pasillos después de abrir el mercado al público, cosa que ocurre a menudo especialmente los viernes y sábados cuando más afluencia de personas hay, lo que agrava la situación. Además, obstaculiza con carros de supermercado llenos de cajas con pescado e hielo vertiendo agua al suelo en la salida de emergencia que conecta todas las plantas del edificio, así como en el lateral del edificio del mercado municipal, sin obtener una respuesta positiva al problema. También con relativa frecuencia deja el producto encima del expositor durante toda la noche alegando que no tiene otro sitio donde tenerlo a buen recaudo, encontrándose en la apertura del día siguiente un fuerte olor en todo el mercado por haber perdido el producto la cadena de frío al haberse derretido el hielo.

Reseñar también que los demás usuarios manifiestan que el producto que ofrece carece de guía de procedencia en su mayoría y de dudosa legalidad, en base a criterios de tamaño y vedas, lo que provoca el enfado de los demás comerciantes del mercado que sí cumplen aparentemente con las normas.

El señor Pérez Reiriz es también participe de varios episodios de riñas y peleas con toxicómanos que realizan trabajos para él y que en ocasiones estos últimos utilizan los baños para el consumo de drogas. Hace escasos días, con uno de estos "empleados" la discusión llevó a la agresión física, llegando incluso a golpearse con las palas que utilizan para sacar el hielo, incidentes estos con la presencia de clientes y usuarios, entre los que había menores."

CONSIDERANDO que o abeiro do disposto no **artigo 57.1.h do Regulamento do Servizo Municipal de Mercados de Abastos comerciantes polo miúdo do Concello de Riveira** (BOP nº 14 de 20 de xaneiro de 2017) considerase infracción moi grave a "falta de pago de taxas, por máis dun semestre, correspondente ao posto. As ditas taxas serán as establecidas na Ordenanza Fiscal correspondente.

CONSIDERANDO igualmente que o **artigo 58.3.a** do devandito corpo regulamentario establece como sanción para as faltas moi graves a "extinción da concesión e de cantos dereitos puidesen derivar da mesma".

CONSIDERANDO que de acordo co **artigo 59** de Regulamento a imposición das sancións corresponde á Xunta de Goberno Local, previa tramitación, conforme á lexislación do correspondente expediente administrativo, quen poderá delegar a dita atribución, de acordo co establecido na lexislación vixente.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, por unanimidade dos membros presentes, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO. Incoar expediente sancionador de infracción administrativa en materia de Mercado Municipal de Abastos dos que se presume responsable D Juan Eugenio Pérez Reiriz, adxudicatario do posto nº 21.

SEGUNDO. Que os feitos referenciados poden ser considerados como constitutivos de infracción administrativa moi grave podéndolles corresponder una sanción de extinción da concesión e de cantos dereitos puidesen derivar da mesma", de conformidade co **artigo 58.3.a do Regulamento do Servizo Municipal de Mercados de Abastos comerciantes polo miúdo do Concello de Riveira.**

TERCEIRO. Nomear como instrutora do procedemento sancionador á Concelleira Delegada de Delegada de Mercados, M^a Esther Patiño Rey, sendo Secretario do mesmo o do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

CUARTO. Una vez finalizada a instrución do procedemento, e dependendo da cualificación da infracción, remitiranse as actuacións ao órgano competente para resolver.





QUINTO. Adoptar, co obxecto de garantir a eficacia da resolución sancionadora, de conformidade co artigo 56.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e cando así veña esixido por razóns de urxencia inaprazable, as seguintes medidas provisionais:

- a) Suspensión temporal de actividades.
- b) Retirada ou intervención de bens produtivos ou suspensión temporal de servizos por razóns de sanidade, hixiene ou seguridade, o peche temporal do establecemento por estas ou outras causas previstas na normativa reguladora aplicable.
- c) Aqueloutras medidas que, para a protección dos dereitos dos interesados, prevexan expresamente as leis, ou que se estimen necesarias para asegurar a efectividade da resolución

SÉXTO. Notificar a presente resolución de incoación do procedemento aos interesados.

SETIMO. Comunicar á Instrutora e ao Secretario a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso, así mesmo, notificar a presente resolución aos interesados, entendendo en todo caso por tal ao inculpado, indicándolles que disporán dun prazo de dez días para achegar cantas alegacións, documentos e informacións estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente á súa disposición nas oficinas municipais”.

VISTAS as alegacións presentadas con data 22 de novembro de 2018 polo Sr. D. Juan Eugenio Pérez Reiriz no senso que considereu oportuno en defensa dos seus dereitos.

VISTO o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en Sesión de data 23 de maio de 2019 na que se pon de manifesto o seguinte:

“ACREDITADO que as devanditas alegacións en nada desvirtúan o posto de manifesto polo Vixiante de Mercados. D. José Manuel Abuín Abuín no seu informe de data 7 de novembro de 2018, quen se ratifica no mesmo, e que o Sr. Pérez Reiriz adeuda á facenda local as cantidades postas de manifesto polo entón tesoureiro municipal D. José Antonio Rueda Valenzuela no seu informe 128/18.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, acorda por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Confirmalo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 8 de novembro de 2018, e en consecuencia, manter as seguintes medidas provisionais:

- a) Suspensión temporal de actividades.
- b) Retirada ou intervención de bens produtivos ou suspensión temporal de servizos por razóns de sanidade, hixiene ou seguridade, o peche temporal do establecemento por estas ou outras causas previstas na normativa reguladora aplicable.
- c) Aqueloutras medidas que, para a protección dos dereitos dos interesados, prevexan expresamente as leis, ou que se estimen necesarias para asegurar a efectividade da resolución

Segundo:-Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro. Comunicar o presente acordo á Instrutora e ao Secretario para a continuación do





expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto disto, e propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente á disposición dos interesados nas oficinas municipais”.

VISTO asemade que con data 12 de xullo de 2019 o Sr. Pérez Reiriz presenta escrito (rex de entrada nº 10257) no que ponse de manifesto

“que por motivos de salud, que me impiden realizar las labores habituales de la actividad, y que además aún se encuentra pendiente de resolución la incoación del expediente sancionador por presunta infracción administrativa en materia de mercado municipal de abastos, acordado por la Junta de Gobierno Local de fecha 08/11/2018, es mi deseo y voluntad realizar una CESIÓN DEL PUESTO DESCRITO a favor de D. OUCHYKH EL MESSAOUDI, provisto del DNI nº 54.545.607ª y con domicilio en la calle Cristobal Colón, número 27-3ª de Riveira.

Tengo que señalar también, Sr. Alcalde ,que de se aceptada la cesión del puesto dicho señor ser haría cargo de todas las deudas pendientes de pago, concretamente de las diferentes tasas municipales que, hace algún tiempo, ascendían a algo más de 2.000 euros”.

CONSIDERANDO os artigos 57.1.h, 58.3 e 59 do Regulamento do Servizo Municipal de Mercados de Abastos comerciantes polo miúdo do Concello de Riveira (BOP nº 14 de 20 de xaneiro de 2017), así como os artigos 74, 75, 78 a 91 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, artigo 93 a 100 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, artigos 9, 115 a 155 e as *Disposicións Adicionais Segunda, Tercera e Décimo quinta* da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

CONSIDERANDO que o **artigo 32 do Regulamento do Servizo Municipal de Mercados de Abastos Minoristas do Concello de Riveira** (BOP nº 14, de 20 de xaneiro de 2017) establece que os dereitos que corresponden aos concesionarios dos postos poderán cederse a terceiros, previa aprobación polo mesmo órgano que aprobou a adxudicación da concesión, sempre que estes reúnan as condicións de capacidade esixidas para outorgar orixinariamente a concesión.

CONSIDERANDO que de acordo co **artigo 35** do mesmo corpo regulamentario, antes de autorizar o Concello de Riveira as cesións a terceiros que reúnan as características do apartado 2 do artigo 32 deste Regulamento, poderá exercer o dereito de recuperación da concesión, polo prezo declarado, dentro do prazo quince días naturais, desde a data de comunicación da solicitude de cesión, formulada polos interesados ante o órgano competente para a súa aprobación.

CONSIDERANDO que de acordo co **artigo 36**, aprobada a cesión intervivos do apartado 1- do artigo 32 deste Regulamento, ou a transmisión mortis causa polo Concello, o cesionario anteriormente mencionado e o sucesor hereditario, como requisito previo ao comezo da explotación, deberán ingresar nas arcas municipais, no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se autoriza a cesión ou a transmisión, a cantidade que en concepto de canon estea establecida en cada momento na correspondente ordenanza municipal. No





caso de que a cesión autorizada sexa a dos cesionarios que reúnan as características do apartado 2 do artigo 32 deste Regulamento, estes cesionarios deberán ingresar nas arcas municipais, no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se autoriza a cesión, a cantidade dunha anualidade da taxa municipal correspondente á actividade para exercer.

En caso de falta de pagamento no prazo previsto, a autorización quedará sen efecto e no caso do cesionario, ademais, non poderá ser beneficiario dunha nova cesión.

CONSIDERANDO que unha das causas de extinción da concesión é a renuncia expresa e por escrito do titular (**artigo 39**).

VISTO o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de agosto de 2019 do seguinte tenor literal na súa parte dispositiva:

Primeiro:-Tomar coñecemento da renuncia efectuada por **D. Juan Eugenio Pérez Reiriz**, **adxudicatario do posto nº 21 do Mercado Municipal de Abastos** á titularidade da concesión do **posto de venda nº 21** do mercado municipal e con efectos 16 de xullo de 2019.

Segundo:-Transmitir, de acordo co disposto no artigo 32 do Regulamento do Mercado Municipal, a titularidade da concesión do **posto de venda nº 21**, a **D. OUCHYKH EL MESSAOUDI**, provisto do DNI nº 54.545.607 A e con domicilio na rúa Cristobal Colón, número 27-3º de Riveira, debendo ser adicado a venda de pescado.

Terceiro:-Requerir a **D. OUCHYKH EL MESSAOUDI**, para que, ao abeiro do disposto no artigo 32 do Regulamento do Mercado, no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se autoriza a cesión, proceda a ingresar nas arcas municipais a cantidade dunha anualidade da taxa municipal correspondente á actividade para exercer.

En caso de falta de pagamento no prazo previsto, a autorización quedará sen efecto e no caso do cesionario, ademais, non poderá ser beneficiario dunha nova cesión.

Cuarto:-Iniciar ao abeiro do Regulamento Xeral de Recadación aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, o procedemento para o cobro da taxas pola prestación do servizo de mercados municipais que **adeuda á Facenda Municipal o Sr. Pérez Reiriz**.

Quinto:-Notificar este acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Sexto:-Comunicar este acordo ós Servizos Municipais de Tesourería e Recadación para a súa constancia e efectos oportunos.

VISTO o escrito presentado con data 26 de setembro de 2019 (rex de entrada nº 13520) por D. Juan Eugenio Pérez Reiriz, con DNI nº 33.241.839-P, no que solicita a cesión do devandito posto a favor D. Agustín Cadillo Pérez, con DNI nº 52.930.007-S, con domicilio en rúa de Correos, 22, 3ª A, facéndose cargo de toda a deuda que ten pendente co posto nº 21 do mercado municipal, unha vez renunciado a dita cesión **D. OUCHYKH EL MESSAOUDI**

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía de data 17 de xuño de 2019, acorda por unanimidade dos seus membros:





Primeiro:-Tomar coñecemento da renuncia efectuada por **D. Juan Eugenio Pérez Reiriz, adxudicatario do posto nº 21 do Mercado Municipal de Abastos á titularidade da concesión do posto de venda nº 21 do mercado municipal e con efectos 16 de xullo de 2019, así como da renuncia de D. OUCHYKH EL MESSAOUDI (acordo Xunta de Goberno Local de 8 de agosto de 2019)**

Segundo:-Transmitir, de acordo co disposto no artigo 32 do Regulamento do Mercado Municipal, a titularidade da concesión do **posto de venda nº 21**, a **D. Agustín Cadillo Pérez, con DNI nº 52.930.007-S**, con domicilio en rúa de Correos, 22, 3ª A, facéndose cargo de toda a deuda que ten pendente co posto nº 21 do mercado municipal,, debendo ser adicado a venda de pescado.

Terceiro:-Requerir a **D. AGUSTÍN CADILLO PÉREZ**, para que, ao abeiro do disposto no artigo 32 do Regulamento do Mercado, no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se autoriza a cesión, proceda a ingresar nas arcas municipais a cantidade dunha anualidade da taxa municipal correspondente á actividade para exercer.

En caso de falta de pagamento no prazo previsto, a autorización quedará sen efecto e no caso do cesionario, ademais, non poderá ser beneficiario dunha nova cesión.

Cuarto:-Iniciar ao abeiro do Regulamento Xeral de Recadación aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, o procedemento para o cobro da taxas pola prestación do servizo de mercados municipais que **adeuda á Facenda Municipal o Sr. Pérez Reiriz**.

Quinto:- Sen prexuízo do anterior, iniciar o procedemento para a adxudicación do posto nº 21 do mercado municipal a través do **régime de concorrencia e licitación pública**, no que calquera interesado poderá presentar proposicións, salvo que concorra algún dos supostos previstos no artigo 137.4 de **Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas**, cando se dean **circunstancias excepcionais**, debidamente xustificadas, nos que poderá levar a cabo por adxudicación **directa**.

Sexto:-Notificar este acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Sétimo:-Comunicar este acordo ós Servizos Municipais de Tesourería e Recadación para a súa constancia e efectos oportunos.

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **José Antonio Novoa Romay**, de data 17/09/2019 (Rexistro de entrada nº 13.058), no que solicita Certificación acreditativa polo Concello de la no existencia de infracción urbanística que afecte a edificación sita en finca con refª catastral nº 15074A802001360000ZQ, parcela 136, polígono 802, sita en Lugar de Queimadoiros, Artes, Riveira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 19/09/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que á edificación sita no lugar de Quemadoiros s/n, Artes, Riveira, parcela con refª catastral nº 15074A802001360000ZQ, parcela 136, polígono 802, propiedade do Sr. José Antonio Novoa Romay.

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por **Alberto Cascallar Mariño**, de data 11/09/2019 (Rexistro xeral de entrada nº 12.787), no que solicita unha praca de vao





permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado na Rúa Novoa Santos, nº 11, Riveira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 12/09/2019 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **Alberto Cascallar Mariño**, autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e con reforzo de pintado de marca vial amarela no bordillo da beirarrúa, na entrada ao garaxe do inmoible situado na Rúa Novoa Santos, nº 11, Riveira, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

2.- Visto o escrito presentado por Miguel López Castelo en representación da entidade **Pistagood, S.L.**, de data 17/09/2019 (Rexistro xeral de entrada nº 13.050), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado no Lugar de Xarás, nº 5, Riveira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 25/09/2019 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **Pistagood, S.L.** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (7,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmoible situado no Lugar de Xarás, nº 5, Riveira, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 19/09/2019, relativo á necesidade de sinalización (R-101) en Fríons, co fin de evitar problemas de tráfico ocasionados pola estreitez da vía e á velocidade inadecuada por parte dalgúns condutores.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a instalación de sinalización horizontal de entrada prohibida, xunto cun cartel





complementario coa lenda “Excepto residentes” (Sinal R-101) en Frións, co fin de evitar problemas de tráfico ocasionados pola estreitez da vía e á velocidade inadecuada por parte dalgúns condutores, según o sinalado no citado informe policial.

2.- Vistos os escritos presentados respectivamente por **Bernardo Santos Maneiro e José Francisco Parente Martínez**, de data 04/07/2019 e 03/09/2019 (Rexistros de entrada nº 9.673 e 12.171), relativos á necesidade de instalar unha reserva de praza de estacionamento de vehículos para persoas de mobilidade reducida, así como o pintado de liñas amarelas na Rúa Torreiro (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes emitidos ao respecto pola **Policía Local**, de data 24/09/2019 por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a instalación dunha praza de estacionamento de vehículos para persoas de mobilidade reducida, con sinalización vertical e marcas viais, así como o pintado dunha liña amarela de aproximadamente 4 m. de lonxitude ata a esquina da Rúa Torreiro (Corrubedo), con reforzo de sinalización vertical de prohibido estacionar (R-308); según o sinalado no citado informe policial.

SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2019-2020

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 25/09/2019, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2019-2020

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

Destino Santiago de Compostela

Monteagudo Lojo, Daniel	53799596C
Carreño Martínez, Laura	53483659B
Pérez Maneiro, Martín	53487929A
Pampín Bello, Eliseo	53798698L
Pampín Bello, Sálvora	53798699C
Domínguez Figueira, Ana	53796861E
Domínguez Figueira, Juan	53796860K
Rial Arias, Marta	54224688A
Gómez Pouso, Vanesa	54224945F





Fieiro Agrafojo, Víctor	53488752K
González Martínez, Martín	54224862Q
Hombre Martínez, Néstor	53799661Q
Pérez Blanco, Paula	53795863J
Miranda Cadórniga, Óscar	53798637G
Pérez Vidal, Eva María	53799976D
Romano Fernández, Manuel	53483801S
Rey Martínez, David	53797354D
Piñeiro Ayaso, Sara	54224046M
Fernández García, Alberto	54228222H
Liñayo Vicente, Xeila	53485379Y
Domínguez Rodríguez, Moisés	53797685H
Pena Blanco, Anxo	53488748V
Vilar Abelleira, Juan	54225074K

ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN).

1.- ACHEGA CONCEDIDA A A.SARAQUETE E HIJOS, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de aprobación de conta xustificativa e pago de achega emitida pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 25/09/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos centros concertados, relativo ao mes de xuño; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 26/09/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a conta xustificativa presentada e **autorizar** o pago de achega a percibir derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos centros concertados, relativo ao mes de xuño; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 1.775,00 €.





2.- ACHEGA CONCEDIDA A A.SARAQUETE E HIJOS, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de aprobación de conta xustificativa e pago de achega emitida pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 25/09/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos centros concertados, relativo ao mes de maio; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 26/09/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a conta xustificativa presentada e **autorizar** o pago de achega a percibir derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público RIVEIRA MOVE cos centros concertados, relativo ao mes de maio; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 1.775,00 €.

3.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 25/09/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino "IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso", relativo ao mes de xuño; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 26/09/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino "IES Leliadoura, IES





Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de xuño; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 384,75 €.

4.- ACHEGA CONCEDIDA A A.SARAQUETE E HIJOS, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 25/09/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de xuño; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 26/09/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de xuño; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 745,00 €.

5.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 25/09/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de maio; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 26/09/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de maio; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 533,70 €.

6.- ACHEGA CONCEDIDA A A.SARAQUETE E HIJOS, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 25/09/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de maio; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 26/09/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de maio; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 1.044,00 €.

7.- ACHEGA CONCEDIDA A A.SARAQUETE E HIJOS, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, de data 25/09/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Aguiño – Riveira - Pobra do caramiñal”, relativo ao mes de xuño; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.





Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/09/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Aguiño – Riveira - Pobra do caramiñal”, relativo ao mes de xuño; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 3.026,45 €.

8.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, de data 25/09/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Riveira-Corrubedo-Oliveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de xuño; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/09/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Riveira-Corrubedo-Oliveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de xuño; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 882,80 €.

9.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz





Lampón, de data 25/09/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Riveira-Corrubedo-Olveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de maio; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 25/09/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Riveira-Corrubedo-Olveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de maio; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 788,40 €.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e vinte minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

